



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 4 DE ABRIL DE 2013

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA  
Concelleiro  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA  
Concelleiro  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M<sup>a</sup> JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN A SESIÓN

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catro de abril de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE MARZO DE 2013.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES, RELATIVA Á SOLICITUDE DA DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO DA XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DA "FESTA DO SALMÓN" COMO FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVA AO APOIO Á "PLATAFORMA DE AFECTADOS POR PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E OBRIGACIÓNS SUBORDINADAS DE A ESTRADA".

#### **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 28 DE FEBREIRO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

*Sr. Alcalde.-Boa tarde, case noite a todos e a todas compañeiros da Corporación i veciños que nos acompañades nesta sesión ordinaria do Pleno correspondente ó mes de abril e a sesión que se celebra hoxe, como sesión ordinaria, ten a seguinte orde do día.*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA**

##### **1º.- APROBACIÓN. SE PROCEDE. DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE MARZO DE 2013.**

*Sr. Alcalde.- Empezamos coa parte Resolutoria coa aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o día 7 de marzo de 2013. Non sei se hai algunha cuestión, pois se non hai ningunha cuestión aprobámola por unanimidade a correspondente acta.*

*Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 7 de marzo de 2013.*

*Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.*

##### **2º.- APROBACIÓN. SE PROCEDE. DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES. RELATIVA Á SOLICITUDE DA DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO DA XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DA "FESTA DO SALMÓN" COMO FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO.**

*Sr. Alcalde.-Punto nº 2 aprobación, se procede do ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes, relativa á solicitude da Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia de declaración da "festa do Salmón" como festa de Galicia de interese turístico. Ten a palabra a Concelleira Lucía Seoane.*

*Sra. Lucía Seoane do P.P.-Ola boas noites. Pois este punto aprobámolo en comisión co voto favorable de todos os grupos de goberno e todos coincidimos en que é algo bo para A Estrada, que vai a axudar a promocionar A Estrada en plan turístico, non só a nivel comarcal senón tamén a nivel de toda Galicia e, e nada con esto concluimos que, que o aprobamos por unanimidade.*

*Sr. Alcalde, moi ben pois está ditaminado o asunto en comisión informativa e ten a palabra a Sra. Louzao.*

*Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-Dende este grupo manifestar que xa se falou na Comisión e xa se ten dito son 40 anos, 40 anos que se leva celebrando na Estrada a exaltación do Salmón, unha festa que pasou, dende logo, por moitos altibaixos, pasou por momentos de mais apoio e momentos de mais separación da mesma con respecto ós veciños e ás veciñas da Estrada unha festa que ten a súa importancia, a importancia de revitalizar os ríos, a importancia de apoiar o salmón na Estrada, unha especie que dende logo se está a perder en moitos dos nosos cauces i que é unha lástima. Dende logo esta solicitude á Xunta de Galicia que o noso grupo apoiou e vai apoiar hoxe tamén é un paso máis, un paso máis pero que dende logo por sí solo non fai que se arraixe a festa, eso depende de todos nós, dos veciños i das veciñas i do goberno, do goberno i da Corporación Municipal cun apoio decidido á mesma para que continúe nesta liña. Polo tanto, como dixemos, o grupo socialista vai a manter o seu apoio a esta solicitude agardando que se resolva o expediente o antes posible.*

*Sr. Alcalde.- Moi ben sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.*

Sr. Magariños.- Simplemente dicir que dalgunha maneira nos alegamos de que poderamos chegar facilmente a este punto de encontro como é declarar a Festa do Salmón como festa de interese turístico. O salmón, a festa, é un dos elementos que o vigorizan, é un dos elementos máis importantes que temos dentro do sector turístico no noso Concello e nos momentos en que estamos non podemos deixar escapar ningunha oportunidade de potenciar os nosos sectores económicos. O sector turístico para A Estrada é un sector importante, hai que lembrar que A Estrada é un dos Concellos que maior número de camas ten, o que máis aloxamentos ten de turismo rural e como tal crea un número importante de postos de traballo. Como ben dicía a portavoz do Grupo Socialista solo con esto non facemos todo o que se debe de facer pero é un chanzo no camiño a lograr que este sector, o turístico siga medrando e siga creando postos de traballo e no noso Concello e na situación en que estamos é importantísimo.

Sr. Alcalde.- Moi ben. Moitas grazas polas aportacións dos grupos. Dicir que creo que ademais é unha oportunidade boa porque estamos xa a celebrar a corenta edición da festa do Salmón, estamos falando xa dun arraigo dunha tradición moi importante no noso Concello i estamos falando tamén de que estamos pendentes da declaración de festa de interese turístico, de interese autonómico do Entroido do Ulla xunto con outros Concellos do norte da provincia de Pontevedra incluso da provincia da Coruña que estamos traballando i que esperamos que sexa unha realidade o antes posible i en esa liña, eu creo que ese tipo de recoñecemento ás actividades e ás festas que se desenvollean no noso Concello inciden directamente na promoción, na difusión do turismo i na visualización que os propios veciños, que a propia xente da Comunidade Autónoma poida ter das nosas festas, así que alegrámonos polo consenso e polo tanto procedemos á votación deste asunto. Votos en contra, abstencións, votos a favor. Apróbase por unanimidade este punto nº 2.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **Acordo**:

Considerando que existe esta festa con 40 anos de antigüidade celebrada na nosa vila de maneira ininterrompida.

Considerando a esta festa está considerada como un signo de identidade do noso Concello

Considerando que esta festa se creou co ánimo de dinamizar e difundir o noso concello tanto turística, cultural e economicamente, así como poñer en valor as excelencias do Salmón do Ulla.

Considerando que se trata dunha das festas gastronómicas máis antigas das que se celebran en Galicia.

Considerando que é a única festa dedicada a enxalzar ao Salmón do Ulla, "O Peixe Rei".

Considerando que conta dende o ano 1976 cun Concurso Internacional de Pesca con grande éxito de participación e capturas que acadaron fama internacional.

Considerando que nas últimas edicións contou cunha asistencia de entre 8.000 e 10.000 visitantes

Vista a memoria explicativa para a declaración de festa galega de interese turístico, da Festa do Salmón, que forma parte deste expediente.

Visto o disposto no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, en particular o seu artigo 25.c.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes, adoptado en sesión de 25 de marzo de 2013.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.** Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia a declaración da Festa do Salmón, que se celebra o terceiro domingo de maio no Concello da Estrada, como Festa de Galicia de Interese Turístico, de acordo co previsto no Decreto 39/2001.

**Segundo.** Remitir o presente á Axencia de Turismo de Galicia.

**Terceiro.** Facultar ao Sr. Alcalde para a realización dos trámites necesarios para a execución do presente acordo.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVA AO APOIO Á "PLATAFORMA DE AFECTADOS POR PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E OBRIGACIÓNS SUBORDINADAS DE A ESTRADA".**

**Sr. Alcalde.**-Punto nº 3 "Aprobación, se procede, do ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, relativa ao apoio á Plataforma de afectados por participacóns preferentes e obrigacóns subordinadas da Estrada". Para tratar este asunto ten a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do P.P.**- Boas noites. Ben como no seu momento se determinou na reunión que se celebrou polos portavoces dos tres grupos municipais xunto coa presenza do alcalde e os tres representantes eleixidos pola plataforma de afectados polas preferentes e subordinadas levouse á Comisión informativa correspondente a proposta que desde a plataforma se nos fixo, ditaminando favorablemente de forma íntegra todos os puntos que foron propostos pola citada plataforma e que procedo a leer neste momento:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a apoiar as xustas reivindicacións das persoas afectadas polas participacóns preferentes e obrigas subordinadas, adoptando as medidas necesarias para a recuperación inmediata do 100% dos seus aforros, sen quita de ningunha especie e que esixa ao FROG e ao Goberno de España para que dite a resolución que proceda pola que se estableza a devolución de todas as cantidades depositadas en Participacóns Preferentes ou Obrigas Subordinadas dos clientes de NCG Banco, de xeito inmediato, ao recoñecer publicamente o goberno galego e NCG Banco a mala praxe na comercialización destes produtos aos pequenos aforradores.

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado para que o Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) inicien unha campaña de inspección sobre a comercialización de produtos financeiros opacos e complexos entre persoas aforradoras e investidoras minoristas, diferenciadas claramente de inversores profesionais aos que ían dirixidos estes produtos, esixindo no seu caso, a depuración de responsabilidades.

3º.- Solicitar á Xunta de Galicia a impugnación da Lei 9/2012 do espolio aos nosos aforros e que presenten un recurso de inconstitucionalidade.

4º.- Realizar as xestións ante NCG Banco para obter toda a información relativa ao número de afectados, número de solicitudes de arbitraxe, número de laudos resoltos favorablemente, total de cartos secuestrados e devoltos aos veciños da Estrada e á súa comarca, para ter unha información real e actualizada da magnitude do problema, como se ten feito dende outras administracións.

5º.- Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB, Xunta de Galicia e NCG Banco a que se continúen resolvendo, a través da Arbitrase de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas por NCG Banco, ata a resolución definitiva de todas elas e se dea contestación a todas as solicitudes presentadas.

6º.- Colaborar na dotación de recursos económicos para sufragar os gastos de aluguer de autobuses para asistir aos distintos actos reivindicativos e manifestacións que os afectados están a realizar por distintas vilas.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben Sr. Blanco. Ten a palabra a Sra. Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G-PSOE.-** Dende o grupo socialista dicir unha vez mais que dende o respecto á lexítima reivindicación das persoas afectadas o que é de lexítimo dereito. Tamen manifestar o noso absoluto respecto ó acordo que se adoptou na comisión á como aludía o portavoz do Grupo Popular, comisión na que estaban representados os distintos portavoces i os membros da Plataforma i dicir que dende o absoluto apoio vamos, unha vez mais, manifestar hoxe aquí con un voto a favor deste acordo i pedir que se consiga xa a devolución do cen por cen dos aforros, sen mais quítas, sen canxes, e ahí estará o noso grupo para seguir traballando na comisión i seguir adoptando acordos.

**Sr. Alcalde.-**Moi ben, moitas gracias Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras do BNG.-**Dicir que hoxe cumplimos o que temos que facer que a nosa obriga de defender ós nosos veciños e veciñas do roubo ó que os están sometendo porque de non cumprir con esta obriga de defensa dos veciños e veciñas da Estrada, o longo tamén sería este apoio creo que ten que valer para que outros concellos tamén se posicionen e vai ser tamén un apoio as distintas plataformas e ós distintos afectados do resto do país, porque se non cumpríramos con esta é como si os nosos veciños chamaran ás forzas de seguridade porque lle están roubando a casa e as forzas de seguridade non acudiran na súa axuda, ou vendo como lle está ardendo a casa os bombeiros non fosen a apagar este incendio, e os nosos veciños e veciñas da plataforma de afectados nos piden o noso apoio político, porque hai que lembrar como xa falamos noutro Pleno que isto é unha decisión política, entonces temos que ser os políticos os que nos temos que mollar. O Concello da Estrada se está mollando co apoio a esta moción pero temos que seguir e mostrar o noso apoio inequívoco ás lexítimas reivindicacións destes cidadáns que ven como os aforros de toda unha vida van a pasar a mans de delinquentes, que hai que chamalos así, delinquentes, cando son do traballo duro, do sudor e non a base de especulacións ou a base de sobres ou viaxes a Suíza. Alegrarnos de que as tres forzas políticas apoiemos esta moción e repito que temos que seguir sendo vixiantes e manernos firmes no apoio ás lexítimas reivindicacións dos cidadáns que aquí se atopan hoxe i os que non están que son, por desgracia, moitos máis que os que están aquí.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben Sr. Magariños. Creo que unha vez mais coincidimos basicamente todos eu creo que debemos de felicitarnos, unha polos representantes desta plataforma da defensa dos aforradores enganados en Novagalicia Banco i da comisión de traballo que se creou, creo que en un clima de colaboración i cooperación extraordinario onde chegamos a este acordo i estou convencido de que chegaremos a outros moitos acordos máis pola sensatez das persoas

que forman parte desta plataforma que hoxe nos acompañan aquí i pola sensatez, tamén, das forzas políticas que representan ós veciños da Estrada e que hoxe estamos aquí unidos na defensa dos lexítimos intereses desos aforradores estafados, desas persoas que, eu creo que seguiremos pelexando e gritando para que o cen por cen dos aforradores recuperen o cen por cen dos seus aforros ese é o noso obxectivo i ahí creo que nos van a encontrar tanto representantes da plataforma, como os propios veciños, como os propios políticos para a defensa dos seus lexítimos intereses e seguir traballando a través desa Comisión que temos creada as forzas políticas e que reuniremos nos próximos días tamén para seguir avanzando en máis compromisos i donde o Pleno da Corporación Municipal se seguirá expresando libremente i comprometidamente, como estamos facendo hoxe, na defensa dos intereses dos nosos veciños, que ó final é o que nos preocupa. Así que non sei se temos algunha intervención ou por parte do público, neste caso, queren facer algunha intervención en relación a este tema. José María ten vostede a palabra.

**Sr. José María.**-Mui buenas. Da petición que fixemos, que anotastes todo, que foi o que fixestes ¿fixestes algo ou solamente quedou nun papel ahí no Ayuntamiento de recuerdo?.

**Sr. Alcalde.**-Si, si queres ou se tes máis que preguntar, intervés ti e despois eu respódoche.

**Sr. José María.**- Sí hai outra cousa mais que teño que preguntar. Non me molesta que me pidan identificación porque eu non teño nada que esconder cando entro no Ayuntamiento e parece que foi pedida escollidamente non sei se é pa asustarnos ou pa amedrentarnos, por ese camiño ides moi mal, eh, por ese camiño ides moi mal, porque nós non somos delincuentes. Os delincuentes téndelos na vosa casa ahí é onde tendes os delincuentes, os ladróns e os que pisotean os nosos dereitos, non deste lado, deste lado non tan os ladróns aquí ninguén roubou nada a nadie absolutamente nada a nadie lle roubou, agora no voso equipo de gobierno ahí si podemos dicir que hai ladróns e menudos ladróns, eh. Con todo o que é a palabra extensa que é "ladrón", quédase corta aínda, eh. Entonces cando pidades identificación acordádebos tamén dos vosos jefes de arriba a eses que pasean en yate e despois non sabe que era narcotraficante, osea que eu vou cunha puta e non sei se é puta ou non é, por dicilo así, falando claro. A eses é a quen lle hai que pedir moito que aclarar pero de todas formas o tempo vainos a dar a razón, é moi corto, parece que falta moito tempo pero non falta moi pouco e cando chegue o voso momento de pedirnos algo ides levar cada sorpresa que vos ides a acordar do feito, eh. Eso vai ser en general pa toda aquela xente que parece que nós somos os delincuentes, nós somos os que facemos cousas malas, como o dos scratches, pero que scratches, pero que nos contan, home, pero que nos contan se nos están pisoteando, estannos tratando como se non fóramos nadie eh, pasando por encima de nós á torera. Cando non están conformes collen o teléfono e chaman ó poder judicial arriba de todo e din "oiga cambien ustedes de juez que non me sirve" pa juzgar a fulanito. Porque se hai un tío solo en España que teña o governo contra as cordas e que llos teña de corbata, que dimita porque eu fun un dos votantes de Rajoy e non estamos contentos con el e non me sinto nin representado nin identificado por semejante basura que se me ocorreu votar porque é unha persona que non vale pa nada e o pueblo non o quere e cando o pueblo non quere a un, ten que reconocelo e dicir bueno pois chegou o momento que metín a pata, mentín, cheguei ó poder mentindo, engañei ós españoles, incumplín todas as cousas que hai por incumplir no programa electoral porque ningunha das cousas que levou, eu non sabía que levaba no seu programa roubarnos os

cartos, é que fixo un montón de cousas, aínda me acordo dunha frase que vos acordaredes todos onde dicía "es que todo el tema del mal gobernante", con esa cara de sopaboba que pon, "es cuando no sabe gobernar subir el IVA, pero es que sube el IVA de los chuches" dicía así "si sube el IVA de los chuches", pero será mamón o tío ese con que chuches, si sube o IVA dos chuches, sube o IVA de todo e dixo que él nunca o iba a subir, carallo se non o chega a subir e cuidadito eh, cas ideas que ten, porque esto non se queda solo nesto, non se queda solo ahí. Se o goberno de España necesita máis cartos votará man da banca e aquela xente que teña depósitos, aínda que non sexan preferentes, vaille botar a man encima porque el ten valor pa eso, el ten valor pa eso, e esa persona téndela na vosa casa, acordádevos de pedirlle a identificación cando vos veña a visitar e non a xente que traballamos, que aforramos e que somos honrados somos ós que nos identifican, haber se é un tema un tema tan... non nos amedrentan porque oie xa un ten unha certa edad e canas na cabeza e o do medo xa pasou á historia eh.

(Aplausos por parte do público).

**Sr. Alcalde.-** Moi ben. Bueno pois en relación ás dúas preguntas que fixo basicamente o representante da plataforma, José María, en relación ó tema das identificacións eu teño que dicir que bueno que tan pronto eu entrei, eu estaba nun acto nunha inauguración dunha exposición i tan pronto vin que estábades na porta do Concello esperando i subín ó Concello din orden expresamente á Policía Local que deixase de identificar. Había unha seria duda ou hai a través da Subdelegación do Goberno certas dudas sobre a seguridade en determinados espacios públicos por prudencia, entendo que é unha decisión aceptable; e tan pronto entrei, non sei se se deron conta, que automáticamente deixaron pasar a todo o mundo. Eu din orden expresa á policía local que se deixase subir a todo o mundo sen pedir identificación polo tanto aquelas persoas que inicialmente se identificaron pídlle disculpas pero en ningún caso foi intención de amedrentalos, nin moito menos, i de feito a orde expresa que se dou foi deixar pasar a todo o mundo i que todo o mundo que quixera estar aquí hoxe pudiera participar deste Pleno. En segundo lugar, as xestións que se fixeron ata o de agora, bueno pois seguimos como falamos na Comisión, seguimos intentando traballar na solución deste tema e eu o que podo dicir é que temos falado xa cos responsables da Oficina do Consumidor na Estrada, que foi a que tramitou a maior parte dos procedimentos, dos 580 procedementos que se tramitaron a través da Oficina do Consumo, creo que é unha persoa que pode aportar información sobre todo o proceso i como se está desenvolvendo. Tuven persoalmente onte unha reunión cos responsables de Novagalicia Banco tamén para pedirlle, como temos recollido nesta Moción, que nos pasen, que nos den os datos, é un tema complexo pola confidencialidad, pero que nos den a maior información posible sobre a situación actual, sobre o número de clientes afectados, sobre o importe das persoas que están afectadas por obrigacións subordinadas ou participacións peferentes i sobre a evolución ou como van vendo eles a resolución de toda esta arbitraxe que se está producindo que na actualidade, bueno, creo recordar que actualmente na Estrada son 143 persoas as que xa recibiron a totalidade dos seus aforros a través da vía arbitral, nos quedan moitísimas por resolver i estaremos encima porque eu creo i o digo outra vez que o cen por cen dos aforradores teñen que recuperar o cen por cen dos seus aforros, ese é o obxectivo que temos que conseguir a través da vía arbitral. Estase facendo unha media de 78 arbitraxes diarios, estamos intentando conseguir que se incremente, se aumente esa carencia de arbitraxes diarias i en definitiva, bueno, pois temos contacto diario practicamente co Instituto Galego de Consumo, con Novagalicia Banco i creo que con esa comisión que temos creada podemos ir dando

datos mais fiables sobre a evolución deste proceso i esperamos i seguimos presionando e eu creo que este acordo que tomamos hoxe aquí é importante á hora de poder resolver ou de poder intentar resolver o conflito que temos creado i, dende logo, todos coincidimos no mesmo i o falamos en público i en privado, é unha estafa masiva é un problema que se produce a aforradores que foron enganados i estafados i por tanto é un problema social i os políticos nos temos que poñer do lado da xente estafada en ningún caso e creo que aquí o demostramos, eu respondo por esta Corporación como presidente desta Corporación i respondo polo goberno e ningún caso creo que houbo duda, por parte de ningún dos concelleiros desta Corporación, de que estamos do lado dos afectados i que seguiremos estando na defensa dos seus lexítimos intereses incluso defendendo alí donde teñamos que defender ca capacidade que poidamos ter a solución a este grave problema. Creo que ese é o obxectivo que nos une i esperamos poder chegar a unha solución definitiva para todos. Ese é o noso obxectivo i nesa línea seguiremos traballando. Se quere intervir vostede, perdón un segundo que lle acercan o micrófono.

**Sra. Ana Barreiro.**-Bueno pois eu sin ir tan arriba alá as cimas do PP aquí no medio de vos quería lle preguntar a una persona se realmente Sr. Paradela, se realmente usted era consciente do que estaba facendo cando nos dou a firmar esos papeles.

**Sr. Alcalde.**-Mire, perdón, perdón un segundiño.

**Sra. Ana Barreiro:** Si, si, si.

**Sr. Alcalde.**- Eh, normalmente (interrumpe ó alcalde a Sra. Ana Barreiro).

**Sra. Ana Barreiro.**- Ustedes estannos dicindo que nos estaban estafando pois ustedes aquí no medio desta Corporación teñen un estafador.

**Sr. Alcalde.**- Normalmente, normalmente, eu lle pido que, bueno pois como alcalde teño que levar as duras e as maduras e polo tanto eu, se lle parece ben, refírase á presidencia ou me traslade a mín calquer cuestión que teña porque é así o debido funcionamento i evidentemente ningún outro compañeiro neste momento.... (interrumpe ó alcalde a Sra. Ana Barreiro)

**Sra. Ana Barreiro:** Pero eu non tuven a oportunidade de falar con él cara a cara porque levárono de aquí xa pa que non se, pa que non se rozara ca xente que lla emiteu, pois levárono de aquí e non temos o director a esta hora aquí e entonces non podo falar con el cara a cara.

**Sr. Alcalde.**- Eu si lle parece.... (volve a interrumpir a intervención do alcalde a Sra. Ana Barreiro).

**Sra. Ana Barreiro:** Eu como uste di que nos estafaron que eso que foi unha estafa de Caixa Galicia pois eu toulle dicindo que ahí que teñen un estafador porque si él realmente sabía o que estaba facendo estábanos estafando e se me reconece que non o sabía que se poña de parte nosa porque ayer saleu nos medios de comunicación un director de Caixa Galicia dicindo que realmente estaban presionados polos altos cargos, que estaban presionados por Méndez e por Gayoso a emitir eses productos. Se é verdad eso que se poña da nosa parte e que llo diga ós medios de comunicación porque houbo un solo director, un solo director que o dixera .

**Sr. Alcalde.**- Bueno eu voulle dicir que evidentemente a solidariedade tena toda, creo que esta Corporación i ademais este é un tema que eu me arrego poder falar en representación da Corporación, dos vinteún concelleiros, unha o acordo sólido é de todos, creo que aquí non hai fisuras e que todos estamos de acordo, e outro aquí está como responsable político e somos todos responsables dos nosos actos a nivel político e eu no tema personal, supoño, que non terá ningún problema en falar con vostede i en tratalo..... (interrumpe a intervención a Sra. Ana Barreiro).

**Sra. Ana Barreiro.**-Non eu creo que ten que falar con máis que conmigo, creo que hai moita xente aquí que ten que falar con ela. Se tal esperámolo despois abaixo e que fale con nós abaixo. E que se comprometa, que se comprometa, se él non sabía o que emitía que diga "pois non o sabía" pero que o diga diante dun medio de comunicación pa que o sepan a xente que non o sabía.

**Sr. Alcalde.**-Y despois eu, bueno, ese tema o poderemos valorar despois si lle parece e creo que, bueno, no ámbito da cordialidade o podemos ver, eu simplemente o que lle teño que dicir é que neste caso o compañeiro como calquer outro que estamos aquí, creo que non damos mostras de non estar de acordo en defender os intereses dos aforradores, independentemente, bueno de algún feito puntual que pudera acontecer. Eu, sinceramente llo digo, creo que non hai problema ningún i despois o podemos ver i o podemos falar i creo que podemos ter unha reunión máis distendida e se lle parece cando finalice o Pleno. Dicirlle que aquí creo que a mostra que se está dando é unha mostra de defensa e de unidade na medida das nosas posibilidades i o vamos intentar levar hasta o final para defender os intereses vosos, que o final nos estamos da vosa parte, todos os que estamos aquí estamos da vosa parte i no ámbito destas cuestións se lle parece o comentamos despois, creo que ten a palabra a voceira do Partido Socialista tamén, ten a palabra a Sra. Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.**-Ben, como portavoz do grupo socialista municipal gustaríame facer unha intervención, neste caso, a intervención que se fai desde o público e dicir que o Grupo Municipal Socialista todos os integrantes respetamos, como dixemos antes, as lexitimas reivindicacións dos afectados i estamos aquí dando a cara, estamos aquí para identificarnos, se fai falta, como dicía o portavoz da plataforma estradense i para dar as explicacións que sexan. O grupo socialista non se esconde de ninguén i nos reunimos con todos aqueles que necesitan de nos para defender os seus dereitos, para defender os seus intereses de calquera veciño ou veciña, polo tanto como dicía todos os membros do grupo socialista estamos a favor de estas reivindicacións estamos a pedir a devolución do cen por cen dos cartos dos aforradores estradenses que foron pois enganados dalgún xeito con un produto opaco. Estamos polo tanto comprometidos con esta loita, o manifestamos nas Comisións, o manifestamos publicamente i o seguiremos dicindo co noso voto que se devolvan os aforros os veciños i as veciñas i polo tanto, llo digo á persoa que entrevistou o mesmo que llo digo ó resto dos afectados. O grupo socialista non se esconde de ninguén i está aquí para reunirse con todo aquel que considera que o debe facer. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde.**-Moitas gracias Sra. Louzao. Eu reafirmo o que acaba de comentar a portavoz. É un xesto que nos honra a todos estar aquí hoxe, creo que podía ser fácil non estar, ou non asistir ó Pleno eu creo que eso demostra a categoría persoal de cada un e eu creo que todos estamos unidos nunha defensa dunha causa lexitima. Creo que todos demos mostra desa unidade i lles podó garantir

como Corporación Municipal estamos todos, todos intentando buscarlle unha defensa a esta cuestión. Ten vostede a palabra.

**Sr. José María.**-Con respecto ó tema do arbitraje aquí na Estrada parece que cobramos ou cobraron sobre un 15 ou 20 por cento. Nese aspecto sentímonos moi ninguneados, porque concellos como o de Tui cobraron o 80 por cento dos veciños, no Rosal aproximadamente o 70 por cento o de Gondomar o 70 por cento e polo que parece nos Concellos onde hai lío donde se ocupan os concellos, onde se interrompen os plenos é onde a xente cobra. O alcalde de Tui ofreceulle ós da plataforma que nunha semana lle solucionaba o arbitraje practicamente a todos os veciños e nunha semana houbo 43 arbitrajes en Tui, na Estrada dous, na Estrada na mesma semana houbo dous. Parede que dende o Partido Popular, non desde o Partido Popular senón desde o partido do goberno, desta vez tocoulle ó Partido Popular pero é o partido do goberno non é o Partido Popular parece que se favorece que haxa lío, que haxa follón pa que a xente cobre, paréceme mui mal eso. Aquí non somos xente de lío, non armamos lío, pero entonces non cobramos. Paréceme mui mal e outra cousa que me parece mal é a actitud do Sr. Louzán dicindo que nas plataformas hai xente follonera, hai xente que non ten preferentes que non ten subordinadas, aínda non identificou a ninguén que non tivera nin preferentes nin subordinadas, aínda non identificou a ninguén, paréceme moi mal que nos esté tratando como radicais, sei que somos radicais porque, non sei, pero polo que vexo o que piden é que se arme follón pa que a xente cobre os seus cartos. Non lle vexo outra explicación.

(Aplausos por parte do público).

**Sr. Alcalde.**- Bueno téñolle que dar a razón nesta cuestión i de feito, ademáis, así llo traslado tamén hoxe tuven unha discusión coa directora do Instituto Galego de Consumo, que me parece pouco razoable eu tamén seguín as noticias, estou seguindo diariamente as noticias, tanto no que afecta á plataforma ou os intereses dos estradense como ós que afecta ós intereses de outras persoas de outras localidades i sí é certo, porque a mín hoxe non mo confirmaron, non coinciden ou polo menos a mín non me coinciden as cifras do 70 ou 80 por cento de persoas que cobraron xa nesas plataformas é moi inferior, de feito é que na plataforma ou no Concello da Estrada cobraron o 30 ou o trinta e algo por cento das persoas que acudiron ó Instituto Galego de Consumo á vía arbitral, pero sí é certo que a mín me molestou sobremaneira o que puideron ver estes días nos medios de comunicación de que parece ser que se estaba axilizando a arbitraje en algún concello específico i eso dende logo é un tema que eu non, eu non vamos a tolerar i llo trasladei hoxe mesmo á directora do Instituto Galego de Consumo e llo dixen tamén a directora xeral de Comercio que esperaba un trato igual, cando menos igual, i as persoas que están actuando máis radical nunha zona i que están actuando cunha seriedade cunha responsabilidade que é digna de eloxio, por outra, como é o caso da Estrada, i polo tanto eu ahí lle podo garantir que non sei a capacidade de influencia que poida ter pero lle podo garantir que vai a ter i van a ter o meu respaldo e o respaldo de todos os que estamos aquí para defender en igualdade de condicións os intereses da Estrada con respecto ós intereses dos demais e si cabe máis, con máis lexitimidade moral polo comportamento que están tendo as persoas i os veciños da Estrada neste tema que dende logo é un tema realmente grave. Así que lle dou a razón nesa cuestión i lle podo garantir que pola conta que me ten i pola conta que nos ten a todos, lle trasladaremos, lle demos traslado hoxe i lle seguiremos trasladando a nosa disconformidade, se é así porque a mín nadie mo podo confirmar hoxe, parece que foi unha información dalgún alcalde

en concreto pero non hai confirmación oficial dese tema pero si é así estaremos para denunciálo i para perseguilo i para estar encima para resolver esa cuestión que a min tamén me preocupa. Ten vostede a palabra.

**Sra. Isabel.**-Bueno boas tardes a todos, chámome Isabel e simplemente quería dicir que nos teñen como inversores pero é que non somos inversores, somos pequenos aforradores i que é moi fácil, vós aquí falades todos moi ben porque sodes todos políticos tendes moita facilidade de palabra, nós ó mellor non temos tanta pero somos os que estamos sufrindo as consecuencias entonces a nós nos gustaría oír que si, que estades apoiando i todo pero que determinación se vai a tomar. Nos queremos saber o que é que se vai facer, porque vimos aquí e que ¿vimos a próxima semana a outro Pleno?, i oímos palabras moi bonitas de todo o mundo porque todos en general falades de marabilla e marchamos todos contentos pero queremos saber o que se vai facer ó respecto e queremos tamén que o sr. Alcalde e todos vós entendan que hai moitas familias que lle está costando chegar a final de mes cando teñen ahí o seu diñeiro que aforraron con moito esforzo e moito traballo, ó mellor moitos como eu dende os 18 anos que marchei po extranxeiro mandando sempre pa miña Galicia querida e agora que sea o meu propio goberno e a miña Galicia quen me está roubando, vale.

(Aplausos por parte do público).

**Sr. Alcalde.**-Comparto, creo que as palabras sobran, creo que todos compartimos a aportación que acaba de facer vostede. Eu o que lle podo dicir é que nos temos unha capacidade de actuación limitada ou determinada. Creo que unha a Corporación Municipal da Estrada se posiciona de forma unánime i sin fisuras ante este tema, creo que é unha chamada de atención importante. Outra que se faga un seguimento estricto i exhaustivo da situación das preferentes i outra, as vías, a solución que queda, pois mire eu sinceramente lle digo que a solución arbitral a vía de arbitraxe que é a única que se pudo poñer en marcha en Galicia, porque de momento non se puxo en ningún outro sitio de España e en Galicia resolveron 15 mil expedientes co cal pois son 15 mil persoas ou 15 mil expedientes menos que en calquera outro sitio de España, que noutros sitios se está empezando agora coa vía arbitral. Outra que ante casos de extremada gravidade eu creo que nos podemos comprometer todos a través da Comisión que temos creada no Concello, para persoas que estén en situación límite pois intentar chegar a un acordo na propia comisión que temos creada cos membros da coordinadora das preferentes da Estrada para poder trasladar ó Instituto Galego de Consumo, casos extremos, en situacións límite que haxa que intentar resolver i eu creo que nos podemos comprometer a tratar esos temas na comisión creada a tal efecto i que podemos facer de forma semanal ou quincenal ou mensual, como consideremos oportuno, creo que ahí podemos intentar exercer a maior presión pobile para esos casos máis alarmantes ou mais extremos i outra pois a solución é, eu creo sinceramente, aquí hai unha estafa, hai unha estafa i hai que devolver un diñeiro tamos falando de mil millóns de euros. Ben pois poñámoslle cifra, poñámoslle cara as personas, son dramas persoales en case todos os casos na maioría ou en todos i temos que buscarlle unha solución i a solución é a vía arbitral que de momento lle dou a solución ós aforradores que recuperaron o cen por cen, a unha parte de aforradores, nos queda unha parte importante de aforradores que, ou ben ou temos que seguir coa vía arbitral que é o que se pide neste acordo plenario que hoxe tomamos ou ben nos queda a vía xudicial que tamén é outra vía é outra posibilidade que temos. Eu entendo que o arbitraxe é máis áxil que a vía xudicial pero vostedes están seguindo tamén de cerca igual que min ou máis os datos que salen nos

medios todos os días i están empezando a haber sentencias de momento a cuentagotas é un pouco o exemplo que se pon que na vía arbitral se resolveron 15 mil casos na vía xudicial se resolveron 40 ou 50 nada mais, bueno pois creo que foi unha solución i creo que debemos de seguir presionando por esa solución do árbitraxe e debemos de non descartar a vía xudicial, para reclamar pola vía xudicial tamén a estafa i eu non son xurista pero creo que estamos todos informados que hai unha vía que é o vicio de consentimento de que se foi enganado na firma aínda que estea a firma no propio contrato porque houbo un vicio de consentimento á hora de firmar ese contrato por tanto hai unha vía que tanto a fiscalía, o Fiscal General de Galicia como os fiscales provinciales como os xulgados están aceptando i están tramitando por esa vía i nos queda pois bueno a vía de por esas dúas intentar solucionar o cen por cen dos aforros ao cen por cen dos aforradores. Temos que seguir traballando non é o rápido e o áxil que nos gustaría a todos pero teñen que seguir notando, teñen que seguir percibindo que estamos todos unidos para intentar buscarlle unha solución.

**Sra. Isabel.**-.....hai unha quita co 41 por cen para as preferentes e o resto compra o goberno en accións, accións que non valen para nada, é todo perdido entonces quita o 41 por cen para que. Perdón esto de verdade me indigna un montón porque marchei con 18 anos, vin con 18, como moita xente da que está hoxe aquí, luchando toda unha vida para agora catro chourizos que se marchen cos bolsillos cheos de millóns e os demais aquí a luchar e entonces é unha cousa que me indigna pero ó máximo. Entón agora o goberno que fai, a min aínda me chegou hoxe unha carta entonces quitan o 41 por cen que non sabemos para quen é será para o goberno e o resto compra o goberno que tamén vai para o goberno, accións que a nós non nos van a valer de nada con lo cual estamos falando que queremos recuperar o cen por cen pero é que o goberno nos está levando o cen por cen e entonces aquí onde temos todos que luchar e ustedes nos teñen que axudar (aplausos por parte do público).

**Sr. Alcalde.**-Si, vamos a ver. Eu creo que todos os razonamentos que estamos expoñendo aquí son por suposto xustificadísimos. Pero hai un problema de base. O Goberno sexa cal sexa eh. Estas emisións as autorizaron varios gobernos, distintos colores políticos e non vamos a entrar nesa cuestión. O que si está claro é que esta operativa foi feita por unha entidade financeira non por un goberno quen colocou as preferentes, quen lle dixo ós veciños que confiaron nas entidades financeiras que colocaron o seu produto alí foi a entidade financeira, foi Novagalicia Banco. Novagalicia Banco tivo un problema importante de liquidez, como outras moitas e o que fixo o goberno foi buscarlle unha solución para que non quebrasen pa que non perderan o diñeiro todo os preferentistas, os subordinados, os aforradores, pa que non perderan o diñeiro todas as persoas que tiñan o diñeiro ahí. Intentaron buscar unha solución, unha solución que pudo ser máis acertada ou menos que é a través dun Real Decreto que hoxe falamos aquí del, donde a Unión Europea iba a inyectar unha cantidade de miles de millóns de euros para intentar sanear temporalmente a esas entidades i para que esas entidades devolvan ese diñeiro outra vez á Unión Europea, un préstamo, non é unha inyección de diñeiro a fondo perdido. Vale para poder chegar a esa decisión, gracias a que non estamos intervenidos, como pode estar Chipre, a decisión que se tomou aquí foi oíe a Unión Europea interpreta que os preferentistas i os subordinados son inversores, craso error en Galicia porque son todos aforradores pero eles interpretan que unha persoa que está nun produto de preferentes é un inversor, ben eso é o que entenden eles, i din que un inversor ten que ter unha perda sobre a súa inversión porque a entidade

estaba en quiebra, polo tanto o que fai que neste caso é unha inxusticia para o 99 por cento da xente porque non son inversores que son aforradores, se aplica unha decisión a todo o mundo. Todo o que teña preferentes ou subordinadas ten quita. Ben, que fai o Goberno, dice no vámoslle dar unha solución porque aquí hai moita xente enganada, ¿como podemos xustificar unha estafa? Solo temos unha vía.

**Sra. Isabel.**-Engañados somos todos, enganados somos todos.

**Sr. Alcalde.**-usted enténdame a min, usted foi enganada i a única forma.

**Persoa do público.**- Eu fun enganada por ese señor, ese que está ahí, e mais polo señor ese de Callobre.

**Sr. Alcalde.**- Eso, eso, vamos a ver non aporta nestos momentos.....

Interrumpe a señora do público sen poder comprender o que di.

**Sr. Alcalde.**-O que lle quero dicir eu con esto é que hai, hai un problema de comercialización i a única forma de demostrar que foi vostede enganada non é que o diga eu como alcalde, eu podo dicir como alcalde i podo corroborar que foi vostede enganada i o 99 por cento da xente que está en subordinadas i preferentes foi enganada, eu podo corroboralo pero non ten valor ningún, solo ou ten valor ou o arbitraxe ou un xuez que pode dicir "oye usted, nunha sentenza xudicial, usted foi enganada" i polo tanto o banco ten que devolver o cen por cen dos aforros. Se non é esa vía, se non é esa forma, non pode haber ningún outro sistema que lle devolva o diñeiro a todo o mundo porque pa Unión Europea pa quen puxo os cartos neste proceso, en teoría, o diñeiro está metido en un produto de inversión. Hai aforradores atrapados en un produto de inversión, sin querer, sin saber, sin ter coñecemento i están ahí i a única forma de poder resolver este conflito é, ou abrindo unha vía arbitral ou abrindo unha vía xudicial, i ahí é donde estamos poñendo os medios necesarios, desde o Concello, desde a xusticia gratuita, desde o apoio á vía do arbitraxe de consumo lle estamos intentando i os grupos políticos lle están intentando buscar unha solución a este conflito, porque porque realmente é unha estafa i cando hai unha estafa o goberno neste momento pois o entendo, ou polo menos a información que eu teño, non pode coller i poñer mil quinientos millóns de euros encima da mesa i pagarlle a todo o mundo porque hai unha intervención por parte da Unión Europea i depositou 45 mil millóns de euros nas entidades financieras i a Unión Europea di "no usted demóstreme que é unha persoa estafada i o banco que lle pague", pero primeiro que haxa este proceso antes, i ahí é onde estamos atascados donde se resolveron 15 mil casos i donde temos que seguir facendo presión para que esos 15 mil se convirtan en 45 mil ou 50 mil que son as persoas que están atrapadas en preferentes i outros 30 ou 35 mil que están atrapadas en subordinadas. I ahí é onde temos que facer a forza toda i eu entendo i creo que todos os que estamos aquí entendemos i o vemos con moita decepción i sei ademáis, porque eu, i esto tamén pasa do plano político e tamén o teño que dicir, que os primeiros afectados son os propios empregados desas entidades financeiras, porque a gran parte das súas familias, os seus pais, os seus fillos, eles mesmos están atrapados nas preferentes, porque había unha comercialización determinada i son eles mesmos, pero o que pasa é que evidentemente non salen a decilo, pero son eles mesmos os primeiros afectados por esta situación e creo que nadie buscou provocala pero agora nos corresponde solucionala i eu acepto esa responsabilidade i como goberno, na

medidas das nosas posibilidades como goberno local, ou como Corporación Municipal, bueno pois as posibilidades son limitadas podemos facer a presión toda posible que poidamos dentro dos nosos partidos. A nivel autonómico a capacidade é menos limitada pero tamén está limitada, no goberno central tamén pola Unión Europea i aquí hai que engranar todo para intentar buscar unha solución conxunta. Eu sei que pa vostedes todos a única solución é ver o diñeiro depositado na súa cuenta, é a solución é que non hai outra. Podemos falar durante 4 meses ou 8 anos deste tema, mentres ustedes non teñan o diñeiro ingresado na cuenta i poidan descansar tranquilos porque cobraron os aforros de toda a súa vida non van a estar tranquilos. (interrumpe unha persoa do público sen percibir o que di). Eu penso que temos que loitar para que eso non se produza e intentar buscar unha solución o máis áxil posible. Eu entendo que nunca é todo o áxil que á persoa que está atrapada lle gustaría, pero nesa liña temos que intentar chegar a buscar unha solución para todos .

**Persoa do público.**-Os señores, os que levaban os bancos ¿con cantos millóns se jubilaron? (aplausos por parte do público) e estos señores, estes señores ¿cantas pagas tiñan extraordinarias? ¿cantas pagas tiñan extraordinarias Sr. López? eh. (Escóitase falar á xente do público sen percibir o que din). Pero de que estamos aquí falando, de que estamos falando. (Segue interrumpindo xente do público). Eso a eles lle importa todo tres huevos, que fomos todos emigrantes. Nós fomos a salvación de España xa no, no equipo do dictador.

(Segue falando a xente do público sen poder percibir o que din a través do audio)

**Por parte do público:** Merecían matalos, por malos, por malos todos.

**Sr. Alcalde.**- Sr. José María, ten vostede a palabra.

**Sr. José María.**- Tuveno escoitando atentamente a todas as cousas que dixo, en algunhas delas non queremos máis mentiras. Recórdolle en algunhas delas non queremos máis mentiras eh. Porque houbo en algunha aquí que pasouse tres pueblos, entonces máis mentiras, non. De eso xa se encargan os que están alá máis por arriba, xa se encargan eles ben, ben do feito. Cando foi que se jubilaron estos altos directivos de Novagalicia Banco, ¿quen aprobou as jubilacións?, aprobeinas eu, aprobounas usted, aprobounas ese home, aquel, ¿quen as aprobou? que era ¿un goberno extraterrestre?, ¿era un goberno dos marcianos ou quen era o que as aprobou? o que pasa é que había que pagar favores políticos e aprobaronse jubilacións de 9, de 6, de 7, de 11 millóns de euros á conta de quen, dos parvos. Ah perdón, ó mellor, ó mellor, non me acordaba, se cadra o Sr. Núñez Feijóo non sabía que estaba de presidente da Xunta, porque é tan olvidadizo que ese é un problema moi grande (aplausos por parte do público). E se cadra tampouco se sabía quen gobernaba arriba no Gobierno central, tamén pode ser, porque unha persoa que no 2003 non sabe que estaba no goberno, pois eso, eso non pode ser. E outro feito do que falou ahí de Bruselas, en Bruselas non poñen traba ningunha para que se nos devolvan os cartos. De Guindos en Bruselas dixo que éramos todos inversores. Hai que decir a verdade, porque hai forma de sabelo eh. El dixo que éramos todos inversores porque lle interesaba dicilo. Solo hai que ver en Bankia que estivo dirigida por unha persoa que eu hobera posto a man no lume por el que era Rodrigo Rato é pa hostia bendita, en primeiro había un burato de 17 mil millóns de euros inyectáronlle 29 mil, pa agora mandala, bueno valen moito, cuidado, valen 1 céntimo, as accións de Bankia valen 1 céntimo. Se

aquí goberno está legitimado para representar a España para representar ós españoles e que se poida levantar pola mañan e mirar a un espello e dicir "pero que é o que estou facendo" porque máis por tontos non nos poden tomar. Danlle cartos en Bruselas para aqueles bancos que a eles lle interesa, non sei o por qué. E que nin Franco na súa dictadura fundeu ningún banco en España. Eles cargáronse a Bankia, bueno cargáronse porque quen sabe como a repartiron que eso aínda é outra porque cargarse é un dicir, quen sabe como a repartiron. Agora os directivos ahí cobraron todos eh, coma os de aquí de Novagalicia Banco eses sei que ni hubo uno que no se llevara su buena partida de equis millones, despois se tiñan que devolver ou non tiñan que devolver. Eso non volve máis, eso non volve máis. O día que estuvemos en Silleda, eu estuven pensando así un pouco, senteime nunha esquina, unha porque non estaba moi ben, senteime e dixen, vamos a ver eu abandonei un país, podo dicir un país que aínda hoxe sinto morriña por el, por Suíza, e é un país limpio e pa onde me vín, pa un país de ladróns e quédome corto dicindo porque a Casa Real unha vergüenza, o Gobierno xa é mellor non falar del, os bancos de que imos falar e o sistema judicial manipulado ó cen por cen, porque aquí a lei, para os pobres si, pos pobres se eu roubo unha galiña tou por seguro que vou tres anos para a cárcel, por roubar unha galiña e mais salgo nas primeiras páxinas do periódico "José María Vázquez Caramés roubou unha galiña, maltrato animal, abuso de non sei que", igual lle quitei dúas plumas tamén, bueno a hostia bendita, agora se eu collo e roubo unha maleta con cincuenta millóns de euros entonces en primeiro lugar cando me veñan detener xa o van a pensar e despois depende que juez me toque pois haberá que facer un reparto e cambiará o sistema. Queda demostrado que aquí a lei foi feita solamente para que o pobre non levante cabeza o rico fixo, fai e sigue facendo. Eu nunca fun terrorista pero hoxe en día son dos que digo que moitos actos dos que teñen ocorrido foron ben ocorridos e debían de ocorrer moitos máis porque quen provoca os actos de terrorismo, quen provoca os actos vandálicos, quen provoca ese desprecio hacia os gobernantes son eles mesmos, son eles mesmos abusando do poder, abusando da autoridad e menospreciando ó ciudadano. (aplausos) non é outro ningún eh.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, non sei si temos algunha outra intervención, pois senón procedemos a votar o acordo do punto nº 3 da orde do día de apoio á plataforma. Aprobación do dictame da comisión informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais relativa ó apoio á plataforma de afectados por participacións preferentes e obrigas subordinadas da Estrada. Votos en contra, abstencións, votos a favor. Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **Acordo**:

Vistas as reivindicacións realizadas pola Plataforma de afectados por participacións preferentes e obrigas subordinadas da Estrada e comarca,

Visto o ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, adoptado en sesión do 26 de marzo de 2013.

#### **ACORDAMOS:**

1º.- Instar á Xunta de Galicia a apoiar as xustas reivindicacións das persoas afectadas polas participacións preferentes e obrigas subordinadas, adoptando as medidas necesarias para a recuperación inmediata do 100% dos seus aforros, sen quita de ningunha especie e que esixa ao FROG e ao Goberno de España para que dite a resolución que proceda pola que se estableza a devolución de todas as cantidades depositadas en Participacións Preferentes ou Obrigas

Subordinadas dos clientes de NCG Banco, de xeito inmediato, ao recoñecer publicamente o goberno galego e NCG Banco a mala praxe na comercialización destes produtos aos pequenos aforradores.

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado para que o Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) inicien unha campaña de inspección sobre a comercialización de produtos financeiros opacos e complexos entre persoas aforradoras e investidoras minoristas, diferenciadas claramente de inversores profesionais aos que ían dirixidos estes produtos, esixindo no seu caso, a depuración de responsabilidades.

3º.- Solicitar á Xunta de Galicia a impugnación da Lei 9/2012 do espolio aos nosos aforros e que presenten un recurso de inconstitucionalidade.

4º.- Realizar as xestións ante NCG Banco para obter toda a información relativa ao número de afectados, número de solicitudes de arbitraje, número de laudos resoltos favorablemente, total de cartos secuestrados e devoltos aos veciños da Estrada e á súa comarca, para ter unha información real e actualizada da magnitude do problema, como se ten feito dende outras administracións.

5º.- Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB, Xunta de Galicia e NCG Banco a que se continúen resolvendo, a través da Arbitraje de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas por NCG Banco, ata a resolución definitiva de todas elas e se dea contestación a todas as solicitudes presentadas.

6º.- Colaborar na dotación de recursos económicos para sufragar os gastos de aluguer de autobuses para asistir aos distintos actos reivindicativos e manifestacións que os afectados están a realizar por distintas vilas.

\*\*\*\*\*

*Sr. Alcalde.- Aínda que alteramos un pouco o funcionamento do Pleno antes de pasar a control da xestión, non se hai algunha moción de urxencia por parte dalgún grupo ten a palabra a Sra. Louzao. Bueno pois se non hai ningunha moción de urxencia entón pasamos á parte de control da xestión que dación de conta das Resolucións da Alcaldía dictadas no período comprendido entre o 1 ao 28 de febreiro de 2013, ámbolos dous incluído.*

## **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**4º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DAS ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPENDIDO ENTRE O 1 E O 28 DE FEBREIRO DE 2013. ÁMBOLOS DOUS INCLUIDOS.** Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e 28 de febreiro de 2013.

A Corporación queda sabedora.

## **5º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

*Sr. Alcalde.-Y agora tamén a parte de Rogos i preguntas que participan os partidos políticos que forman parte da Corporación i despois abrimos tamén, se lles parece, ou se queda algún asunto que tratar, un turno de participación das persoas que asistan, que*

estean hoxe no Pleno e que teñan que facer algún rogo ou algunha pregunta tamén como se veu facendo ata o de agora, así que se hai algún rogo ten a palabra a Sra. Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.**-Ben hoxe queremos trasladar aquí dous rogos que nos trasladan os veciños. En primeiro lugar é un rogo que procede de Codeseda que nos trasladan algúns pais dos alumnos do colexio que nos piden que se proceda a facer un adecentamento da zona exterior do colexio, posto que agora agardemos que veña o bo tempo i que os rapaces poidan saír ó patio polo momento non puideron facelo pero para poder disfrutar do que é a parte exterior do colexio, das zonas de recreo que se proceda a un adecentamento do mesmo. O segundo rogo que trasladamos aquí é un rogo que se nos produce con respecto á seguridade vial i é que se dirixa o goberno a Conservación de Carreteras da Xunta de Galicia porque como, seguro que é coñecido por todos, na zona de Baloiira na subida ós tres carrís prodúcese unha zona de aquaplaning que xa se ben producindo anos atrás i que sempre se facía unha limpeza, pois para poder desatascar a taxea inferior, porque bueno, xa é coñecido ese aquaplaning alí e entón que se dirixan a Conservación de Carreteras porque nestos días atrás, que se produciu estas chuvias en tanta cantidade, se volveu a producir unha vez máis esa perigosidade con respecto á circulación vial alí, moitas gracias.

**Sr. Alcalde.**-Moi ben moitas gracias Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras do BNG-Uns** rogos que me fan chegar uns veciños da zona de Veá que en Santo André de Veá, concretamente, entre a Ribeira e o lugar dos Croios hai dúas pistas que recorren case paralelas ó longo de un quilómetro e no seu tramo final presentan deterioros importantes unha delas que se lle levantou o asfalto e a outra porque están as tajeas completamente tupidas e acaba bordando a auga por fóra. Que se proceda a solucionar o problema destas pistas.

**Sr. Alcalde.**- Perdón Sr. Magariños sei, sei do tema e tivemos alí fai uns días o concelleiro Nemesio Rey e máis eu, temos un problema que hai que abrir as cunetas, hai dous problemas puntuais de persoas que atascan ou tupen os pasos de auga i eso produce, provoca que se acumulen en determinadas zonas i que deterioren bastante o asfalto. Estamos tendo problemas ahí i está previsto xa na planificación cando o tempo o permita un pouco, porque senón facemos unha lameira e ó final non conseguimos resolver nada, para poder mandar a brigada municipal, poder abrir as cunetas, desatascar esos pasos de auga que están atascadas, esas tajeas i facer unha mellora do firme desas dúas estradas que si, que si que están ademáis con tráfico pesado, porque hai bastantes zonas de relleno, de bastante material que se está facendo i os propios camións están deteriorando bastante as pistas.

**Sr. Magariños Maceiras do BNG.**- Sí outro tamén é que se limpe, vou continuar coa zona de Veá, no Souto de Veá existe un lombo de burro e que cando chove orixina un charco de dimensións considerables na parte que mira cara a antiga caixa de aforros e que se proceda á súa solución.

**Sr. Alcalde.**-Estuveron alí os operarios municipais fai aproximadamente un mes e medio desatascando. O problema é que ten os drenaxes moi estreitos i calquer residuo que se vai acumulando alí produce atasco. Tuvéron fai un mes e pico e daremos orden de que vaian cunhas varillas alí a desatascar a zona esa.

**Sr. Magariños Maceiras do BNG.**- Eu supoño que será o mesmo problema que presentan os lombos de burro do casco urbano que non teñen case desagüe. Despois hai un punto de vertido na pista que vai ó frontón na zona deportiva e parece que son os restos dunha antiga festa e pide que se proceda á súa limpeza antes de que se convirta nun verquido máis grande. Despois tamén cando imos ter noticias da solución do problema da seguridade vial que presenta o colexio de Souto de Veá. Estes días saía na prensa que parece que hai un proxecto. Dende o BNG tiñamos solicitada unha reunión de portavoces e gustaríanos que esta solución contara co consenso de todas as forzas políticas que é a mellor maneira de que chegue a bo puerto.

**Sr. Alcalde.**- Perdón Sr. Magariños en relación ó tema ese, estuvemos en contacto ca Consellería a semana pasada para fixar unha reunión do técnico e queremos que veña un equipo técnico da Consellería a ver a solución que se vai a plantear unha vez rematada a obra de mellora do vial de Portela a Souto de Veá, que como sabe están remanando as obras de acondicionamento, e se vai a proceder, no momento que deixe de chover, á reposición do firme da totalidade do tramo i nese contexto, nese tramo do colexio se van a establecer dous sistemas de seguridade, de redución de velocidade, dous pasos elevados, un anterior e outro posterior ó propio colexio i unha sinalización máis clara i que lle permita ó conductor que baixe velocidade porque a verdade é que o tráfico é densísimo i as velocidades son altísimas i temos un problema que eu creo que en gran medida se vai a solucionar pero temos que buscarlle solución ó problema do transporte escolar que deixa ós rapaces en vez de na beirarrúa que os deixa na parte da calzada i ahí é onde os técnicos van a revisar as inmediacións do propio colexio e intentar buscar unha solución tan pronto teñamos coñecemento da súa visita os acompañaremos ó propio centro i posteriormente tomaremos unha decisión e se valorará tamén, como foi o compromiso da propia concelleira.

**Sr. Magariños Maceiras do BNG.**- Sí é despois tamén como vai a afectar o parón das obras da praza de abastos ao prazo de execución de ditas obras.


**Sr. Alcalde.**- Bueno a plaza, mañán á mañán hai unha reunión do equipo técnico do Concello co equipo técnico da empresa. Hubo un parón para reorganizar sobre todo o que é a planta primeira porque a idea orixinaria era destinar a ludoteca a planta superior, a segunda planta i os condicionantes que nos pon a Consellería de Traballo e Benestar para incorporar o centro de día i a ludoteca na primeira planta nos fan modificar, replantear esa primeira planta da praza de abastos i nos obrigan a parar, para non facer obra que despois teñamos que desfacer, i polo tanto por precaución i en acordo entre a parte técnica da empresa i do Concello se decidiu parar, se decidiu valorar as reformas i as modificacións que hai que introducir para conseguir a homologación por parte da Consellería. A reunión se vai a producir mañán e esperemos que ahí acorden xa os aspectos a modificar i que chegue un acordo dun modificado, dun pequeno modificado que temos que introducir i eu espero que neste mes retomar as obras de acondicionamento da praza i lles podo garantir que unha vez que están feitas as demolicións e as instalacións que é o mais complexo e que están feitas xa, creo que bueno as obras poden adquirir un ritmo importante i creo que seguimos estando en plazo de cumprir. Sabe que ademais temos a posibilidade de amplialo hasta, temos concedido o 30 de xuño do 2014 para a finalización das obras. A nosa idea era anticipalo para empezar a poñer en marcha xa os proxectos e iniciativas vinculadas á obra pero hai posibilidades de ampliar todavía o prazo ata finais do 2014 ou 30 de xuño do 2015. De momento non se valora esa

solicitude pero entendemos que agora mesmo estamos en condicións de poder seguir cumprindo os prazos marcados.

Moi ben pois por parte dos grupos políticos non hai máis intervencións. Non sei se por parte do público asistente dentro do Regulamento de Participación Cidadá, algunha das persoas que están aquí presentes, ben do tema, que hoxe é o tema central deste Pleno, que é o tema da estafa nas preferentes i subordinadas ten algo máis que aportar neste capítulo de rogos i preguntas, do público ou si, pode ser relacionado con outro tema, pode ser de interese que tratemos hoxe aquí. Si hai algunha petición de intervención pois lle daremos paso i si non hai ningunha outra consideración i agradecendo en nome da Corporación Municipal o respecto i a actitude inconmiabile que tuvo hoxe os veciños da Estrada nesta sesión plenaria e agradecendo tamén a presenza dos compañeiros da Corporación levántase a sesión. Moi boa noite e moitas gracias.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte unha horas e trinta minutos.

A Estrada, 4 de abril de 2013

A SECRETARIA EN FUNCIONS,  
  
Ascó.: Mª Jesusa Fernández Bascuas